

bases promoción bienvenida

maio 2024

1 obxecto

R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U., en adelante **R**, presta os servizos de telefonía fixa e móbil, internet de alta velocidade e televisión por cable, e decidiu lanzar unha campaña comercial de captación denominada "promoción bienvenida maio 2024", en diante a promoción móbil, coas seguintes bases:

2 duración e ámbito

A promoción de bienvenida está comprendida entre o 1/05/2024 e o 31/05/2024 para altas de servizos fixos e/ou liñas móbiles de clientes residenciais e negocios.

3 descrición da promoción dos paquetes de fixo e móbil

A oferta de contratación de servizos fixos e de telefonía móbil de **R** baixo a promoción de bienvenida é a seguinte:

- Combo móvete+móbil 30GB: teléfono fixo, fibra 500 megas e 2 liñas de móbil 30GB+chamadas ilimitadas por 49 €/mes.
- Combo infinito: teléfono fixo, fibra 500 megas, 2 liñas de móbil GB ilimitados+chamadas ilimitadas e Ocio TV de Agile TV con deco 4K por 59 €/mes.
- Oferta combo infinito: teléfono fixo, fibra 500 megas, e 2 liñas de móbil GB ilimitados+chamadas ilimitadase ocio TV de Agile TV con deco 4K, por 45 €/mes

- durante 12 facturas. O prezo despois da promoción será de 59€/mes. Esta promoción conleva unha permanencia de 12 meses.
- Netflix: podes incluílo no teu combo infinito cun desconto de -3 €/mes nas opcións de Netflix Estándar HD (13 €/mes sen desconto) e Netflix Premium 4K (18 €/mes sen desconto).
- Promoción Netflix Estándar + Amazon Prime: válida para contratacións do combo infinito. Desconto do 100% nas tres primeiras facturas de Netflix Estándar + Amazon Prime. A do mes de activación e dúas máis. O desconto do primeiro mes prorratearase en función da data de activación. O prezo despois da promoción será de +14€/mes. (Netflix Estándar: +10€/mes e Amazon Prime: +4€/mes). Promoción sen permanencia.
- Promoción Netflix Estándar+Amazon Prime+MAX: válida para contratacións do combo infinito. Desconto do 100% nas tres primeiras facturas de Netflix Estándar + Amazon Prime + MAX. Ao do mes de activación e dúas máis. O desconto do primeiro mes prorratearase en función da data de activación. O prezo despois da promoción será de 22€/mes (Netflix Estándar: +10€/mes Amazon Prime: +4€/mes e MAX: +8€/mes). Promoción sen permanencia e válida dende o 21/05/2024.

- Promoción DAZN Esencial. Válida para contratacións do combo infinito. Desconto do 100 % nas tres primeiras facturas de DAZN Esencial. O prezo despois da promoción será de +18,99 €/mes (IVE incl.). A promoción DAZN esencial non conleva permanencia.

Promoción DAZN Total. Válida para contratación do combo infinito. Desconto do 100% nas tres meses; en caso de deixar de cumprir as condicións da promoción, non se aplicará o desconto • no caso de baixa do servizo, é necesario devolver o equipamento.

- Mantemento bronce: na primeira factura, a correspondente ao mes da activación, disporás do servizo mantemento bronce totalmente gratis; prezo despois da promoción, 5 € ao mes. A partir do 11/03/2024 este servizo pasa a ser mantemento bronce nube R ofrecido por Fractalia Ciberarma Systems S.L.
- Módulo Pro para cliente negocio inclúe chamadas a fixos e móbiles, e o módulo de Fractalia con Experto dixital 24x7, Ciberseguridade Pro e 10GB na nube.
- Cambios de SIM en caso de roubo ou perda teñen un custo de 6 € (4,96 sen IVE).
- Todos os prezos levan IVE incluído
- Financiación do terminal móbil (ata 1 terminal por liña, ata 3 liñas por cliente) non exhaustivo e suxeito a dispoñibilidade de stock en mobil.mundo-R.com

3.1 paquetes de servizos de R mambo axiña

Produto dispoñible exclusivamente en ubicacións fixas

onde non exista cobertura HFC ou FTTH e se dispoña de cobertura móbil 5G. A efectos informativos indícanse os prezos sen promoción dos paquetes de servizos con internet 5G de R, vixentes segundo tarifas en vigor, suxeitos a actualizacións:

mambo axiña	tarifa móbil R	cota mensual
internet 5G 150Mb	sen móbil R	34 €/mes (28,10 sen IVE)
	plana 30GB	49 €/mes (40,50 sen IVE)
	plana GB ilim*	59 €/mes (48,80 sen IVE)

- Promoción liñas adicionais de móbil: nos mambos axiña con móbil, o prezo da primeira liña adicional é de 0 €/mes (prezo final); esta liña debe ter o mesmo contido en GB e minutos que a liña incluída no mambo contratado. Se necesitas máis liñas, podes contratar 3 liñas adicionais por 3 €/mes durante as 12 primeiras facturas, á do mes de activación do servizo e 11 máis. O desconto do primeiro mes prorratearase en función da data de activación. Despois da promoción, o prezo será o aplicable na oferta (tarifa ilimitada 5GB por 5 €/mes, ilimitada 10GB por 9 €/mes, ilimitada 30GB por 11 €/mes, GB ilimitados por 16 €/mes). Para manter este prezo, a liña principal do mambo debe ter o mesmo contido en GB ou superior que assegundas liñas.

Prezos indicados para comunicacións interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e uso vinculado á finalidade do servizo descrita nas condicións xerais

de contratación. Tarificación por segundos.

SMS: 30 cent/sms (24,79 sen IVE).

Tarifa ilim+ilim GB: en roaming UE inclúe 23GB. Unha vez acadado este límite, redúcese a velocidade a 16Kbps. Se o cliente quere seguir navegando pode facelo a un custo de 3,63 €/GB (IVE incluído).

Tarifa ilim+30GB e tarifa ilim+10GB: acadado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 1Gb sobre o bono contratado cun importe de 5 € IVE incluído, ata un máximo de 3 ao mes. Non permitida a revenda nin o seu uso en centraliñas ou liñas. Chamadas para uso interpersoal. Números pasarela excluídos da tarifa.

*Chamadas ilimitadas: as chamadas incluídas son interpersonais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e roaming zona 1, quedando excluídas as chamadas ao 902, números cortos e rede intelixente, números pasarela, roaming en zona 2 e 3 e internacionais, tarificación adicional e servizos premium. Non permitida a revenda nin o seu uso en centraliñas ou liceas.

Todos os prezos levan IVE incluído.

4 descrición da promoción de liñas só móbil

Promoción só móbil: a tarifa con GB+chamadas ilimitadas cun desconto do 50 % na cota durante as 3 primeiras facturas, a do mes de activación do servizo e 2 máis; despois a cota é de 32 €/mes; liñas adicionais con tarifa ilimitada GB ilimitados cun desconto indefinido do 50 % sempre que teñas unha tarifa principal polo menos cos mesmos GB que a liña principal; este desconto está vixente se mantés a túa liña principal.

5 prezo e tarifas móbil sen promocións asociadas

A efectos informativos indícanse os prezos con IVE sen promoción das tarifas por consumo e unidade de uso de R, vixentes segundo tarifas en vigor dende o 22/12/2023, suxeitos a actualizacións:

tarifas móbiles pack converxente

tarifa	chamadas	datos móbil	cota mensual sen promoción
ilimitada + ilimitada GB	ilimitadas*	ilimitados	32 € (26,45 sen IVE)
plana 30GB	ilimitadas*	30GB	16 € (13,22 sen IVE)
plana 10GB	ilimitadas*	10GB	9 € (7,44 sen IVE)
plana 5GB	ilimitadas*	5GB	6 € (4,13 sen IVE)

6. precio e tarifas Só Móbil

tarifa	chamadas	datos móbil	cota mensual sen promoción
ilimitada + ilimitada GB	ilimitadas*	ilimitados	32 € (26,45 sen IVE)

plana 30GB	ilimitadas*	30GB	16 € (13,22 sen IVE)
-------------------	-------------	------	----------------------

tarifa	chamadas	datos móbil	cota mensual sen promoción
plana 10GB	ilimitadas*	10GB	9 € (7,44 sen IVE)
Só Voz	ilimitadas*	100MB	6 € (4,96 sen IVE)

Prezos indicados para comunicacións interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e uso vinculado á finalidade do servizo descrita nas condicións xerais de contratación. Tarificación por segundos.

SMS: 30 cent/sms (24,79 sen IVE).

Tarifa ilim+ilim GB: en roaming UE inclúe 23GB. Unha vez alcanzado este límite, redúcese a velocidade a 16 Kbps. Se o cliente quere seguir navegando pode facelo a un custo de 3,63 €/GB (IVE incluído).

Tarifa ilim+30GB e tarifa ilim+10GB: acadado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 1Gb sobre o bono contratado cun importe de 5 € (IVE incl.) ata un máximo de 3 bonos por mes. Non permitida a revenda nin o seu uso en centrais ou liceas. Chamadas para uso interpersoal. Números pasarela excluídos da tarifa.

*Chamadas ilimitadas: as chamadas incluídas son

interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e roaming zona 1, quedando excluídas as chamadas a 902, números curtos e rede intelixente, números pasarela, roaming en zona 2 e 3 e internacionais, tarificación adicional e servizos premium. Non permitida a revenda nin o seu uso en centrais ou liceas.

7 bonos de datos adicionais

plan	20GB	30GB
prezo	6 €/mes (4,96 sen IVE)	12 €/mes (9,92 sen IVE)

Plans de datos para a navegación con internet móbil de ámbito nacional.

O cliente pode contratar e descontratar os bonos ilimitados no momento que elixa. En todo caso, o cliente ten que pagar como mínimo unha cota mensual, non é rateable nin na alta nin na baixa. Máximo 4 bonos por liña.

8 opcións de contidos de TV adicionais

	paquetes	xeral
opcións de TV	ocio tv Agile TV con combo infinito	5 €/mes (IVE incl.)
opcións de TV	ocio tv Agile TV	8 €/mes (IVE incl.)
opcións de TV	total tv Agile todas as opcións	11 €/mes (IVE incl.)

packs TV	Movistar Estrenos	8 €/mes (IVE incl.)
packs TV	pack multicine	5 €/mes (IVE incl.)
Netflix FAN	Netflix básico SD	8 €/mes (IVE incl.)
Netflix FAN	Netflix estándar HD	13 €/mes (IVE incl.)
Netflix FAN	Netflix premium 4K	18 €/mes (IVE incl.)

9 perda das vantaxes da promoción

Mediante a contratación da presente promoción o cliente solicita expresamente recibir a factura en formato electrónico. Así mesmo, para o mantemento da promoción, o cliente deberá seguir coa factura electrónica durante o período de vixencia da mesma. Se che interesater factura en papel, podes consultar as promocións dispoñibles en www.mundo-R.com

As vantaxes destas promocións están ligadas ao mantemento do contrato de prestación de servizos con **R** durante 3 meses completos e seguidos dende a provisión do servizo para os combo de fixo e móbil, e de 12 meses completos e seguidos, dende a provisión do servizo, para os combos de fixo e internet. No caso de incumprir a devandita condición, o cliente deberá aboarlle a **R** o importe de 229,9 € IVE incluído (non prorrateable) en concepto de custo de instalación. O compromiso de permanencia comeza a aplicar dende a data de instalación.

Se o cliente causa baixa despois do período de proba e antes do pagamento das cotas do terminal financiado, o cliente deberá aboar, no seu caso, os seguintes pagamentos por cada liña:

9.1 pagamentos por baixa anticipada sen terminal financiado

se o cliente solicitase a baixa do servizo antes de 3 meses (no caso de só sim sen promoción) ou antes de 4 meses (no caso de só sim con promoción), deberá aboar a **R** a cantidade de 120 €, reducida de forma proporcional ao tempo de permanencia restante do contrato.

9.2 pagamentos por baixa anticipada con terminal financiado

se, por calquera causa, o cliente finaliza a súa relación contractual con **R** antes de finalizar o contrato de arrendamento financeiro do/dos terminal/terminais seranlle esixidas a totalidade íntegra das cotas pendentes do mesmo sen ter en conta ningunha promoción.

9 bases xerais

Ao termo do período de aplicación da promoción, aplicaranse ao cliente, sen necesidade de comunicación previa, os prezos vixentes do servizo nese momento, que se atoparán publicados e actualizados en mundo-R.com/gl/info-legal

Todos os novos clientes, polo feito de participar nesta promoción, aceptan as presentes bases. Esta promoción comercial non é acumulable a outras ofertas e promocións. Bases elaboradas en maio de 2024.

A efectos de redondeo trabállase con 4 decimais en cargos e con 6 en tarificación de chamadas, que son redondeados a 2 decimais para facturación segundo a lei 46/1998.

Todas as condicións e produtos suxeitos a dispoñibilidade do servizo.

Servizo de TV prestado por Agile TV (Over The Top Networks Ibérica, S.L.U., con NIF B-86588639, con Domicilio Social en Gran Vía de Don Diego López de Haro 45, 48011 Bilbao).

Para maior información consulta **R.gal** ou chama ao 1449.

R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.(A15474281); Real 85 A Coruña.

VELOCIDADES DE ACCESO A INTERNET EN TECNOLOXÍA MÓBIL

Información sobre a velocidade de internet en Telefonía Móbil.

	velocidade anunciada (Mbps)		máxima velocidade conseguida (Mbps)	
	downlink	uplink	downlink	uplink
3G	16	4	16	4
4G	150	50	150	50

R publica as velocidades aplicables ás distintas modalidades de acceso a internet na sección de Tarifas

que forma parte do contrato suscrito polo CLIENTE.

En relación ás devanditas velocidades publicadas, comunícase que os factores relevantes que poden limitara velocidade que o CLIENTE poderá experimentar ao usar internet son os seguintes:

A) FACTORES SOBRE OS QUE O OPERADOR TEN CONTROL:

A interrupción ou degradación do servizo como consecuencia de operacións de mantemento de rede durante o tempo imprescindible para a realización das mesmas.

B) FACTORES ALLEOS AO OPERADOR:

1. Tecnoloxía de acceso (2G, 3G, 4G, 5G) que estea a dar cobertura e a banda de transmisión.

A tecnoloxía de acceso (5G, 4G, 3G ou 2G) vai determinar cal é a máxima velocidade obtida, independentemente do resto de factores. Así mesmo, en frecuencias baixas (banda 800 MHz) a propagación das ondas radioeléctricas é mellor, e conséguese mellor cobertura dentro dos edificios e tamén mellores velocidades de acceso a internet dende o móbil. Por outra banda as frecuencias máis altas (2600MHz) teñen maior capacidade, aínda que a propagación é peor, polo que empeora a cobertura en interiores.

2. Distancia á antena.

A distancia a respecto da antena tamén afecta á velocidade máxima que se pode conseguir, diminuíndo ao afastarse da antena.

3. Cantidade de usuarios conectados de forma simultánea á antena que dá o servizo.

A capacidade máxima da antena compártese entre todos os usuarios conectados á mesma. Deste xeito, canto maior sexa o número de usuarios conectados usando o servizo de forma simultánea, diminúe máis a velocidade experimentada.

4. Tipo de servizo utilizado polo resto de usuarios.

A rede móbil debe distribuír a súa capacidade entre todos os usuarios que se conectan á vez, tamén en función do tipo de servizo que demandan. Non se precisa a mesma capacidade de rede para enviar unha mensaxe de texto por unha aplicación de mensaxería que para facer unha videoconferencia.

En consecuencia, o xeito en que os usuarios utilizan o servizo acaba afectando á velocidade do resto de usuarios conectados nese momento.

5. Movemento do usuario.

Atoparse en movemento tamén afecta á velocidade experimentada, producíndose unha maior baixada da velocidade cando aumenta a

velocidade. Desta forma, a baixada é inferior camiñando e increméntase ao moverse dentro dun coche.

6. Capacidade do terminal ou o dispositivo utilizado polo usuario do servizo. A tecnoloxía do dispositivo deberá ser compatible coa da antena á que se atopa conectado. Deste xeito, se o dispositivo ten só tecnoloxía 3G non poderá acadar a velocidade facilitada pola tecnoloxía 4G e se o dispositivo ten a tecnoloxía 4G non poderá acadar a velocidade facilitada pola tecnoloxía 5G. Así mesmo, a calidade da antena do dispositivo do CLIENTE tamén afectará á velocidade experimentada.

7. Condicións xeográficas (incluído localización en interiores, garaxes, muros, ...).

A situación do usuario e os obstáculos físicos que existan entre o mesmo e a antena afectan á velocidade experimentada.

8. Condicións climatolóxicas.

Dada á natureza sen fíos do servizo, algunhas inclemencias climatolóxicas poden afectar á propagación do sinal.